

DIA DAS LETRAS GALEGAS

17 de Maio de 2006





ANTONIO REIGOSA

Pidesme que che conte por que celebramos en Galicia o Día das Letras Galegas! Pois escoita:

Houbo unha vez un tirano que gobernou a nosa terra con man de ferro e ata prohibiu que se falase o galego, o noso idioma. Só uns poucos valentes ousaban pronunciar as palabras prohibidas mentres o resto, a maioría, tiveron que escoller entre quedar mudos ou falar a lingua que ordenaba o déspota.

Aínda que case ninguén se decatou, unha noite, aproveitando o escuro, milleiros de palabras da lingua maldicida acordaron reunirse nun punto da beiramar, e alí, ben achegadas unhas ás outras, entrelazándose letra con letra, convertíronse en illa. Despois navegaron mar adentro e agardaron mellores tempos.

De cando en cando algúns intrépidos visitaban aquela illa, memorizaban algunhas das palabras proscritas e, xa en terra, diciánlles ás agachadas a outros que as querían coñecer. Cando o soubo o tirano, mandou soldados en busca da illa coa orde de arrasala, mais, as palabras, ao decatárense do perigo, volvéronse illa invisible.

Cando as forzas do tirano mermaron, os que coñecían secretamente as palabras desterradas comezaron a pronuncialas en voz alta e cada día eran máis os que se deixaban arrolar por sensacións maravillosas: *xeito, aloumiño, bico...*

Outra noite, esta de lúa clara coma día, a illa regresou ao punto da costa de onde partira e pouco a pouco as letras xuntáronse para recompoñer as palabras que foran antes de seren repudiadas. A xente máis vella recoñeceunas e, xa sen medo, comezou a dicilas en voz alta; disque ao pronuncialas salferían unha mestura de salitre e esperanza. Regresaban febles, botaran demasiados anos á deriva sen que case ninguén se ocupase delas así que moitas foron abandonadas nos recantos onde se agacha o que se quere esquecer e así, aínda que as palabras nunca morren, semellaba coma se tal.

Entón foi cando algúns daqueles valentes que ousaran pronunciales nos fociños do tirano decidiron facer algo por darlles vida. Acordaron dedicarlles un día de cada ano para lembralas.

A pesar disto, moitas daquelas palabras aínda non recuperaron o vigor doutros tempos, e foi por iso, porque convén que sexamos moitos os que as pronunciamos todos os días para darlles azos, e para que, aínda que se albisque no horizonte outro tirano, nunca máis teñan que fuxir.

Así me contaron a min como naceu o 17 de maio de 1963, o **Día das Letras Galegas**.

MARICA CAMPO

Volvamos á nosa casa !

Antes de nacermos nós, xa estaba a casa. Os muros de pedra, o tellado aos catro ventos, o lar aceso, o leito limpo e recendente a lavanda, os retratos dos avós pendurados das paredes..., todo a nos lembrar quen eramos, de onde viñamos e a onde queríamos ir. Mais, como a Hansel e Grettel, os nenos do conto de Grimm, abandonáranos no bosque. Queríamos volver, mais os paxaros comeran as faragullas coas que fomos marcando o camiño. Así foi como nos atopamos vivindo nunha casa alugada tendo casa propia. Mentres a nosa, aquela que construíran os avós, ía camiño de se converter en pardiñeiro, en edificio en ruínas, tal como lles acontece ás casas abandonadas. Pero homes e mulleres que tiñan memoria e sabían que alí ficaban os sonhos, as alegrías e as tristezas dos que a habitaran primeiro, decidiron restaurala. Rosalía, Curros, Pondal e moitos outros que recordamos polas Letras Galegas, son os nomes que nos convidan a regresar á casa grande e fermosa da nosa lingua.

Porque, como se ten dito, a lingua é a casa do espírito. O espírito - o pensamento e os afectos, aquilo que nos fai ser persoas- non pode andar errabundo polo bosque. Tampouco pode vivir en casa alugada tendo casa de seu. Só partindo da casa, cos petos cheos de palabras nosas, poderemos saír ao mundo sen nos perder. Só as palabras coñecen o camiño de regreso. Só a nosa casa nos garante a supervivencia e a memoria. Só aquí nos recoñecemos e existimos.

Non permitamos que a casa volva a ser pardiñeiro, habitémola. Se un día os seus muros se derrubasen, soterrarían a memoria do pobo que a construíu e soterrarían, en nós, o futuro de Galicia.

Palabras vellas e palabras que virán: paredes vivas, CASA.

DIA DAS LETRAS GALEGAS

17 DE MAIO DE 2006